

Responsábel: Xosé-Antón MIGUÉLEZ

O CRENTE GALEGO ANTE AS ELEIÇÕES

O equipo que elabora a carpeta mensual de material homilético e catequético «Boa Nova» (cuxa edición está a cargo do Secretariado diocesano de Catequese de Ferrol) elaborou e fixo público o presente documento, perante as eleccións do 15 de xuño.

1.—O noso povo galego, como o resto dos povos do Estado español, está sendo chamado polos diversos partidos para que lles ofereza a súa confianza nas próximas eleccións. Agora ben, despois de 40 anos de pasividade e padecimento políticos, as garantías de que resulten unhas eleccións verdaderamente libres son mínimas, tanto polos condicionamentos de carácter externo (as vellas institucións) como por condicionamentos internos (a dependencia, o medo, a inseguridade, o colonialismo mental, a desconfianza, etc.).

2.—A significación maior das próximas eleccións consiste en que do parlamento e senado elexidos vai saír, como tarefa principal e mais urxente, unha constitución que corresponda ao que se coñece co nome xenérico de democracia. Pero esta tarefa tropeza con unha dobre dificultade.

3.—Por unha parte, pasar da sumisión ditatorial á responsabilidade política non resulta fácil: existe o peri-

go de que a constitución nazaxa, poderíamos dicir, co pecado orixinal dunha “democracia” que non sexa o que a palabra indica: decisión do povo.

4.—Por outra parte, a democracia a nivel do Estado español non significa aínda democracia en Galiza: cinco séculos de total dependencia manteñen o noso povo privado dos seus dereitos nacionais. Recoñecendo que o actual proceso democrático pode ser un paso adiante con relación á situación anterior padecida en España, duvidamos que as próximas eleccións poidan resolver a situación específica galega.

5.—En conxunto a Igrexa española sostivo o franquismo, tanto vinculándose aos vencedores dunha guerra que excluíu de España (e tamén da Igrexa) a medio povo, como servindo de pilar ideolóxico coas súas palabras e co seu silencio a un sistema establecido polas armas e non polas urnas. Da conciencia deste feito xurdiu nos últimos anos un certo distancia-

mento do franquismo e unha especie de culpabilidade.

6.—Debido a isto, escóitase con frecuencia a afirmación de que “si temos cometido o pecado de vencellarnos ao franquismo cun clericalismo de dereitas, non vaíamos agora caer no mesmo pecado cun clericalismo de esquerdas”. O medo ao futuro xúntase aquí coa culpabilidade do pasado. Baixo a aparencia de neutralidade relixiosa. Estamos sutilmente ameazados polo perigo de inhibición, e do conseguente apoio ás vellas forzas que si-guen mantendo o seu poder.

7.—Por iso, a nivel de principios, queremos deixar ben sentado que o noso proxecto é este: independencia, si; pero neutralidade, non. A independencia de opción partidaria concreta é un presuposto indispensable para os que propoñemos este documento, como cregos, aínda que respeitamos outros criterios e os compromisos particulares que alguén poida tomar. En cambio, non consideramos posíbel manterse neutrais, ficando no terreo de ninguén, porque tal patria non existe. O mundo está ocupado por dúas forzas obxetivamente antagónicas: pobres e ricos, con unha connotación política: oprimidos e opresores. Para nós a “utopía” (etimoloxicamente “ningún lugar”) non é un conceito negativo de abstención, senón unha forza dinámica cara ao futuro: a escatoloxía, a búsqueda dunha nova Terra e dun novo Ceu.

8.—Mentras non chegamos á utopía que Xesús procla-

mou, pensamos que a única tradución posíbel do Sermón do Monte, e, mais en particular, das Benaventuranzas, é a disposición de situarse ao lado dos pobres pasando a ser ún deles. Se o mundo está dividido, a súa reconciliación sómente pode ser un proxecto de futuro. A nosa veracidade pasa pola proba do fogo: a solidariedade que Xesús de Nazaré tivo cos marxina-dos polo poder e polo diñeiro. Estes son os maiores ídolos, e ese ten que ser o noso servicio a Deus e aos homes: a súa denuncia, para chegarmos a establecer o verdadeiro culto, en espírito e en verdade.

9.—Non queremos deixarnos enganar polas fórmulas aparentemente novas, pero que proceden do vello liberalismo que tencionou pechar á Igrexa na sacristía: a separación da Igrexa e do Estado. Rexeitamo esta idea como ambigua, baseada nunha no-ción de Igrexa como sociedade perfecta que fala de poder a poder cos amos deste mundo e que ten a súa solución para todo sen mesturarse con ninguén. Para nós a Igrexa ten que ser evanxélicamente independente para anunciar a Boa Nova aos pobres; ten que renunciar a todos os privilexios, menos ao privilexio de estar cos marxina-dos. Isto levará a Igrexa a non vivir separada, pechada na sacristía, e a superar as novas formas concordatarias. Polo contrario, sómente pode ser fermento de liberdade mes-turándose coa masa e apare-cendo así como a definiu o Concilio: Sacramento do Reino no mundo.

10.—Presuposto isto, ante as próximas eleccións sentímonos na obriga de clarexar a nosa postura persoal como crentes e tamén como sacerdotes. Decidímonos a falar nesta situación orixinal na que o povo debería recuperar a capacidade de construír o seu porvir. Non nos facemos ilusións infantís, xa que un povo asoballado e aldraxado, mantido na incultura, ten esquecida e enferruxada a súa función crítica e decisoria. Razón de máis pra que xulguemos chegado o momento da profecía e non dos panos quentes.

11.—Na corrente, pois, dos profetas que tiveron que axudar a despertar ao povo berrándolle as súas escravitudes, decláramos ante todo a nosa singularidade galega. A nova constitución haberá de ter en conta o proceso de reivindicación nacionalista que están vivindo as diversas nacionalidades do Estado. Reixitamos o espantallo do separatismo, que ven sendo un fantasma abusivamente empregado polos poderosos para seguir mantendo marxinada a nosa conciencia galega. Galiza e os outros países ou nacións non son un apéndice de España e menos de Madrid, capital administrativa do Estado, senón que forman a España real ou o Estado español. Tampouco nos sentimos representados polo meiro conceito administrativo de rexión: non basta co recoñecemento vago e paternalista do rexionalismo. Cada comunidade nacional ten o dereito fundamental a decidir o seu destino.

12.—O só feito da emigración bastaría para facernos pensar que hai unha relación de causa a efecto entre o centralismo e a marxinaación de Galiza: ¿cómo se explica que os fillos desta terra teñan que ir gañar o pan polo mundo adiante desde hai séculos sin que o seu traballo os teña redimidos xa dese desterro case endémico? Este é simplemente un exemplo entre moitos, síntoma dunha grave situación colectiva.

13.—Cremos que esa redención samente será posible cando as clases populares (labregos, mariñeiros, obreiros) sexan os suxectos da súa historia; é decir: deixen de ser “povo-obxeto” pra coller nas súas maos o seu futuro, e se convirtan en xestores dos seus intereses económicos, relixiosos, culturais, políticos... Mentras non recuperen ese dereito, seguirán sendo vítimas dunhas disposicións centralistas e colonizadoras.

14.—Queremos reivindicar dun modo especial o dereito á nosa lingua, denunciando a opresión en que se encontra.

15.—Por estas e outras razóns, baixando mais ao concreto, parécenos totalmente incongruente que se poida dar o voto de confianza nas urnas a persoas que non viven en Galiza e, por conseguinte, non padecen a loita do povo pola súa liberación, ou, se o fan, é só a nivel teórico. Respeitando o feito da súa “emigración”, pediríamoslles a honestidade de que non aparezan nas listas de candidatos, especial-

mente no caso de que teñan participado no poder franquista. Non semella que podan estar limpos do pecado de opresión e corrupción. Alcánzaos polo menos a complicidade; e unha conversión credíbel ten que pasar por un visíbel cambio de vida.

16.—Mais concretamente, denunciamos o sistema caciquil que empregan estes (e outros) homes, e que é como un andacio do que hai que vacunar a nosa Terra: a utilización de intermediarios que non son representantes do povo, senón pequenos opresores que, como monecos de guiñol, reproducen nas aldeas e vilas, e tamén nas cidades, o centralismo de Madrid, botando mao do aparato administrativo que debería estar ao servicio do povo. Xeralmente o povo non aprecia a estes homes, nin siquera os respeta, pero tenlles medo ou espera deles esmolas: as faragullas que podan cair da súa mesa ricaz.

17.—Este sistema caciquil vai ter aínda moito influxo porque un povo asoballado, aunque sexa consciente dos seus dereitos, non emprende fácilmente a loita pola xustiza, e espera que o señor cacique lle resolva as situacións, empregándolle o fillo ou agasallándoo con escolas, pistas e outros “beneficios” materiais. O home asoballado sentiráse na obriga de pagar o favor, e o amo, ben situado na administración, sin arriscar nada persoal, xestiona esas cousas ordinarias a golpe de teléfono, vendéndoas como extraordinarias. Valéndose da súa si-

tuación privilexiada, cómpórtase como un mercader de votos e crea unha dependencia servil. Así é como o gran señor feudal construí unha infraestrutura caciquil.

18.—Dese xeito, Galiza non sómente fica como unha colonia non liberada do centralismo, senón que cada galego pobre vive como un colonizado, agradecido ao seu amo galego. Perpetúase así a relación amo - escravo, nun círculo vicioso que é difícil de romper. A nosa predicación acerca da persoa humana fica no ar ao atoparnos diante dun complexo de inferioridade colectivo e individualizado, no que o povo galego e as persoas concretas pasan a ser degradadas. Créase unha insolidaridade, ao estimular os métodos noxentos de promoción social: a recomendación, o disimulo, a adulación, etc.

19.—Desde esa situación de dependencia servil a relixión e a predicación do Evanxelio só poden ter dúas dimensións: ou ser unha campá tintineante, que adormece aos crentes e satisfai os ouvidos dos poderosos; ou ser a proba de que a urxencia do amor revístese de esperanza, de proxecto de futuro, porque cremos en Xesús, home libre.

20.—Non temos a menor garantía de que vaimos ser ben comprendidos polos señores deste mundo e —cousa que nos doe mais— polos nosos irmaos que aínda lles están sometidos como escravos. A acusación de “roxos”,

nas suas diversas formas, non ten por qué poñer medo aos que, non tendo ouro nin prata predicán a Cristo resucitado como único Señor. Pero nun mundo que está dividido entre ricos e pobres —opresores e oprimidos—, nós estamos decididos a facer unha clara opción polas clases marxinaadas, que son as chamadas populares: labregos, mariñeiros, obreiros.

21.—E ben sabido que o mundo vive dous modelos económicos principais aos que se reducen todos os outros: o capitalista e o socialista. Sin entrar agora nunha análise técnica, sentímonos solidarios coa afirmación do cardenal de Santiago de Chile. Silva Henríquez, quen no ano 1971 dixo: “hai mais valores evanxélicos no socialismo que no capitalismo”.

22.—Na nosa Galiza estamos padecendo o modelo capitalista dunha forma que calibramos de brutal. E para nós unha esperanza o feito de que por todas as partes o povo se esté erguendo para rexeitar aqueles “agasallos” do capitalismo que o queren facer mais escravo: é o caso das celulosas, das centrais nucleares, da expoliación nas Encrobas... O día na nosa Terra teñamos o perigo de ser vítimas doutro amo que non sexa o Capital, ou doutra tiranía que nos roube as libertades, ese día pediremos folgos ao Espiritu para opornos aos novos amos. para non servir mais que ao único Deus e aos seus fillos. Mentras tanto, pensamos que esgrimir o fantasma do comunismo non

é mais que seguir poñendo na nosa leira o espantallo que tanto serviu durante o franquismo pra escorrentar ao povo da reclamación dos seus dereitos.

23.—Denunciamos o ateísmo encuberto que hai na afirmación de que nada se pode facer, que todos os políticos van ao seu, que é mellor o malo coñecido que o bon por coñecer. Non aceptamos este fatalismo ateo que está feito de desconfianza con relación ao povo e de medo ao futuro. Denunciamolo como un pecado grave contra a nosa relixión: contra a fe, porque Deus está presente na historia; contra a esperanza, porque a cruz foi a vitoria sobre o egoísmo; contra o amor, porque paraliza a forza do pobre, que é de apostar polo futuro. Non queremos que Galiza viva baixo a dominación dunha relixión fatalista e alienante, como se o seu triste sino presente estivese irreversibelmente marcado nas estrelas.

24.—Rematamos a nosa reflexión afirmando que este documento non é un “botar a casa pola ventá”. vítimas dunha suposta paixón política. Polo contrario, somos conscientes de que estamos nun nivel mínimo de fidelidade evanxélica; e de que moitos de nós nas nosas posturas persoais, coidamos que tal vez deberíamos ir mais adiante nas reivindicacións e na audacia evanxélica. Isto era o mínimo indispensábel, o punto cero a partir do cal a nosa fe pode comenar a ser congruente coa nosa Terra e co noso Ceu.